



PROBA DE COÑECEMENTOS PARA A SELECCIÓN DE TRES AUXILIARES DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DA LARACHA

Etiqueta identificativa

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

1.- Tal e como se establece no Art.8 do Código penal, os feitos susceptibles de ser cualificados conforme dous ou máis preceptos deste Código, e non comprendidos nos artigos 73 a 77, castigaranse observando as seguintes regras (Sinale a resposta incorrecta) :

- a) O precepto especial aplicarase con preferencia ao xeneral.
- b) O precepto subsidiario aplicarase só en defecto do xeneral, xa se declare expresamente dita subsidiariedade, xa sexa esta tacitamente deducible.
- c) O precepto penal máis amplo ou complexo absorberá aos que castiguen as infraccións consumidas naquel.
- d) En defecto dos criterios anteriores, o precepto penal máis grave excluírá os que castiguen o feito con pena menor.

2.- Os vehículos de escola de condutores con 1 ano de antigüidade someteranse a inspección técnica periódica con frecuencia:

- a) Anual
- b) Bienal
- c) Están exentos
- c) Semestral.





3.- Os Dispositivos de Iluminación e sinalización óptica regúlanse no Real decreto 2822/1998 do 23 de Decembro polo que se regula o Regulamento Xeral de vehículos no seu Anexo:

- a) XIII
- b) X
- c) XII
- d) XIV

4.- De acordo co Art. 11.1 do Real Decreto 818/2009 do 8 de Maio, Quen poderá expedir duplicados do permiso ou a licenza de condución en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal?

- a) O Ministerio do Interior, previa solicitude dos interesados
- b) A Dirección Xeral de tráfico, previa solicitude dos interesados
- c) As Xefaturas provinciais de tráfico, previa solicitude dos interesados
- d) Ningunha é correcta.

5.- Segundo o establecido no Artigo 173 do Regulamento Xeral de Circulación, no referente ao obxecto, significado e clases dos sinais nos vehículos, a iluminación de taxímetro correspóndese co sinal:

- a) V-16
- b) V-17
- c) V-18
- d) V-19

6.- De acordo co Art.20 do Código Penal, son circunstancias atenuantes da responsabilidade criminal:

- a) A de proceder o culpable a reparar o dano ocasionado á vítima, ou diminuír os seus efectos, en calquera momento do procedemento e con anterioridade á celebración do acto do xuízo oral
- b) A de obrar por causas ou estímulos tan poderosos que produzan arrebatado, obcecación ou outro estado pasional de entidade semellante
- c) As respostas A e B son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

7.- O Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable funciona:

- a) En pleno, en comisións e en grupos de traballo.
- b) En pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo.
- c) En pleno, en comisión permanente, en comisións e en grupos de traballo.
- d) Ningunha resposta é correcta.





8.- Conforme ao art.15.2.b) do Regulamento Xeral de Circulación, nos vehículos destinados exclusivamente ao transporte de mercadorías, tratándose de cargas indivisibles e sempre que se cumpran as condicións establecidas para a súa estiba e acondicionamento, no caso de que a dimensión menor da carga indivisible sexa superior ao ancho do vehículo, Canto poderá sobresaír por cada lateral?

- a) Ata 0,40
- b) Ata 0,50
- c) 0,50 por cada lateral
- d) 0,25 por cada lateral

9.- Poderán circular sen os cintos ou outros sistemas de retención homologados cando circulen en poboado:

- a) Os condutores de taxis.
- b) Os distribuidores de mercadorías, cando realicen sucesivas operacións de carga e descarga de mercadorías en lugares situados a curta distancia uns doutros.
- c) As persoas que acompañen a un condutor novel durante a aprendizaxe da condución ou as probas de aptitude e estean a cargo dos mandos adicionais do automóbil, responsabilizándose da seguridade da circulación.
- d) As respostas A e B son correctas.

10.- De acordo co Art.39 do Regulamento xeral de Circulación, en determinados itinerarios, ou en partes ou tramos deles comprendidos dentro das vías públicas interurbanas, así como en tramos urbanos, mesmo travesías, poderanse establecer restricións temporais ou permanentes á circulación de determinados tipos de vehículos cando, por razón de festividades, vacacións estacionais ou desprazamentos masivos de vehículos, prevéxanse elevadas intensidades de tráfico. Ditas restricións serán publicadas no BOE cunha antelación mínima de:

- a) 15 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 8 días hábiles.
- d) Non se deberán publicar no BOE.

11.- De acordo co Art.9.4 do Regulamento xeral de vehículos, as motocicletas e os vehículos de tres rodas poderán arrastrar un remolque ou semirremolque:

- a) Sempre que non superen o 50 por cento da masa en baleiro do vehículo tractor.
- b) Sempre que a circulación sexa de día e en condicións que non diminúan a visibilidade.
- c) Non poderán arrastrar remolque ou semirremolque algún.
- d) As respostas A e B son correctas.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

12.- Conforme ao Art.3 do Real Decreto 8/2004 do 29 de Outubro, texto refundido da lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, o incumprimento dela obrigaçión de asegurar un vehículo de motor determinará a imposición dunha sanción pecuniaria de:

- a) 600 a 3.005 euros
- b) 300 a 6005 euros
- c) 601 a 3000 euros
- d) 601 a 3.005 euros

13.- Conforme ao art.84.5 do Real Decreto Lexislativo 6/2015 do 30 de Outubro, a competencia para sancionar as infraccións a que se refire o artigo 52 corresponderá a :

- a) O Xefe provincial de tráfico en vías interurbanas e travesías
- b) Ao alcalde en vías urbanas
- c) Ao Ministerio do interior
- d) Ao Director xeral de tráfico

14.- A autorización especial para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas terá un período de vixencia de:

- a) 1 ano
- b) 2 anos
- c) 4 anos
- d) 5 anos

15.- Conforme ao art.32 do Regulamento xeral de vehículos, toda persoa natural ou xurídica que sexa titular dun vehículo matriculado en España e que o transmita a outra, deberá notificalo á Xefatura de Tráfico da provincia en que teña o seu domicilio legal ou a aquela en que foi matriculado o vehículo, no prazo de:

- a) 15 días desde a transmisión.
- b) 10 días desde a transmisión.
- c) 20 días desde a transmisión.
- d) 1 mes desde a matriculación.

16.- As circunstancias modificativas da responsabilidade criminal regúlanse na Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro. Indique en que partes desta.

- a) Libro I, Título I, Capítulos I,II e III.
- b) Libro I, Título I, Capítulos II,III e IV.
- c) Libro I, Título I, Capítulos III,IV e V.
- d) É correcta a opción b) pero non se regulan no Título I, senón no Título Preliminar.

17.- Enténdese por circunstancias modificativas da responsabilidade criminal:

- a) Aqueles datos accidentais dos que non depende a existencia mesma do delito.
- b) Aqueles datos non esenciais dos que depende a existencia mesma do delito.
- c) Aqueles datos non esenciais que inflúen indirectamente na determinación da pena.
- d) Aqueles datos esenciais que determinan a gravidade da pena.





18.- Si o condenado a unha pena de localización permanente incumprise a súa condena, segundo o artigo 468 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, será castigado con pena de:

- a) Multa de 12 a 24 meses.
- b) Prisión de 6 meses a 1 ano.
- c) Multa de 12 a 24 meses ou prisión de 6 meses a 1 ano, atendendo as diversas circunstancias do feito.
- d) ningunha resposta é correcta.

19.- O que conduza un vehículo de motor ou ciclomotor nos casos de perda de vixencia do permiso ou licenza de por perda dos puntos asignados legalmente, será castigado coa pena de prisión de 3 a 6 meses, pero ademais para impor a pena de traballos en beneficio da comunidade:

- a) O tempo será de 31 a 90 días.
- b) O tempo será de 10 a 40 días e require o consentimento do interesado.
- c) É correcta a opción a) independentemente da vontade do interesado.
- d) Ningunha resposta é correcta.

20.- Indique a resposta correcta. As lesións descritas no art. 147.1 do Código Penal serán castigadas:

- a) Con prisión de 3 meses a 3 anos ou multa de 6 a 18 meses.
- b) Si ditas lesións fosen producidas por imprudencia grave serán castigadas con prisión de 3 a 6 meses ou multa de 6 a 12 meses
- c) Si as lesións descritas na opción b) cometéronse utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, imporase así mesmo a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de 1 a 4 anos.
- d) Todas as respostas son correctas.

21.- Conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou cinemómetros ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico será sancionado con multa de 6.000 euros, en que porcentaxe poderá incrementarse dita contía a teor do establecido no art. 81 do R.D.L. 6/2015, do 30 de outubro?

- a) Non poderá incrementarse a contía da sanción.
- b) Poderá incrementarse nun 30 por cento.
- c) Poderá incrementarse nun 50 por cento.
- d) Poderá incrementarse nun 30 por cento pero dita infracción sanciónase con multa de entre 3.000 e 20.000 euros.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

22.- Indique a resposta incorrecta. O intercambio transfronteirizo de información levará a cabo sobre as seguintes infraccións:

- a) Non detención no lugar prescrito polo sinal de “stop”
- b) Circulación indebida por un carril reservado a determinados usuarios.
- c) Circulación por un carril prohibido.
- d) Participar en competicións e carreiras de vehículos non autorizadas.

23.- Que recente norma modificou o artigo 117 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro?

- a) Real Decreto 667/2015, do 17 de xullo.
- b) Real Decreto 677/2015, do 27 de xullo.
- c) Real Decreto 647/2016, do 27 de xuño.
- d) Real Decreto 657/2016, do 7 de xullo.

24.- Que significado ten o sinal S-730?

- a) Confirmación de poboación nun itinerario por estrada convencional.
- b) Lugares de interese monumental ou cultural.
- c) Lugares de carácter xeográfico ou ecolóxico.
- d) Confirmación do país.

25.- O sinal V-1 (vehículo prioritario) deberá ser visible en todas as direccións a unha distancia mínima de:

- a) 50 metros
- b) 100 metros
- c) 150 metros
- d) Na diversa normativa sobre vehículos non se establece distancia mínima á que deberá ser visible dita sinal.

26.- A lonxitude máxima duns autobuses rixidos de 2 eixos é de:

- a) 18'75 metros.
- b) 16'50 metros.
- c) 15'00 metros.
- d) 13'50 metros.

27.- Que clase de permiso de condución autoriza para conducir conxuntos de vehículos axustados compostos por un vehículo tractor dos que autoriza a conducir o permiso da clase B e un remolque cuxa masa máxima autorizada exceda de 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada do conxunto non exceda de 4.250 kg?

- a) B
- b) B E
- c) C1
- d) C1 E





28.- Con que frecuencia farase a inspección técnica de vehículos a un vehículo de tres rodas, de uso privado, dedicado ao transporte de persoas, con capacidade ata 9 prazas incluído o condutor?

- a) Ata 4 anos exento, de máis de 4 anos bienal, de máis de 10 anos anual.
- b) Ata 4 anos exento, de máis de 4 anos bienal.
- c) Ata 5 anos anual, de máis de 5 anos semestral.
- d) Ata 2 anos exento, de 2 a 5 anos anual, de máis de 5 anos semestral.

29.- En vehículos importados desde outro estado membro do Espazo Económico Europeo, que Estado asume o risco polos accidentes que se poidan producir durante o seu traslado e ata a súa matriculación no Estado de destino?

- a) O estado de destino do vehículo por calquera período de tempo.
- b) O estado de orixe do vehículo en calquera caso.
- c) O estado de destino do vehículo durante un período de 30 días a contar desde a aceptación da entrega polo comprador aínda que o vehículo non sexa matriculado no devandito estado.
- d) O estado de orixe do vehículo durante un período de 30 días a contar desde a aceptación da entrega polo comprador mentres o vehículo non sexa matriculado no estado de destino.

30.- O prazo mínimo para realizar unha comunicación previa é de:

- a) 20 días á data de comezo da realización do acto
- b) 20 días hábiles á data de comezo da realización do acto
- c) 15 días á data de comezo da realización do acto
- d) 15 días hábiles á data de comezo da realización do acto

31.- O prazo concedido ao Presidente da Corporación, no requirimento de anulación de actos ou acordos que atenten gravemente ao interese xeral de España, non poderá ser superior a:

- a) 5 días
- b) 10 días
- c) 15 días
- d) 20 días

32.- Sinale cal das seguintes preguntas é un principio básico de actuación recollido en lle art. 5 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo:

- a) Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución e o resto do ordenamento xurídico.
- b) Suxeitarse na súa actuación profesional aos principios de xerarquía e subordinación. En ningún caso a obediencia debida poderá amparar ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito ou sexan contrarios á Constitución ou ás Leis.
- c) Colaborar coa Administración de Xustiza e auxiliála nos termos establecidos na Lei.
- d) Todas son correctas.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

33.- Segundo a Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, cal das seguintes non é unha falta grave?:

- a) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión das mesmas.
- b) A cesión, transmisión e revelación a terceiras persoas non autorizadas, por calquera medio e con calquera ánimo e finalidade, dos soportes orixinais das gravacións ou as súas copias, de modo íntegro ou parcial.
- c) A desobediencia aos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles.
- d) Impedir, limitar ou obstaculizar ao persoal subordinado o exercicio dos dereitos que teña recoñecidos, sempre que non constituíse falta moi grave.

34.- Os Corpos de Policía Local:

- a) Son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, rexéndose, canto ao seu réxime estatutario, polos principios xerais dos capítulos II e III do título I e pola sección 4.^a do capítulo IV do título II da Lei Orgánica 2/1986
- b) Son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, rexéndose, canto ao seu réxime estatutario, polos principios xerais dos capítulos I e III do título I e pola sección 4.^a do capítulo IV do título II da Lei Orgánica 2/1986
- c) Son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, rexéndose, canto ao seu réxime estatutario, polos principios xerais dos capítulos II e IV do título I e pola sección 4.^a do capítulo IV do título II da Lei Orgánica 2/1986
- d) Son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, rexéndose, canto ao seu réxime estatutario, polos principios xerais dos capítulos II e II do título I e pola sección 4.^a do capítulo IV do título II da Lei Orgánica 2/1986

35.- Segundo a Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo nos supostos nos que dous ou máis municipios limítrofes, pertencentes a unha mesma Comunidade Autónoma, non dispoñan separadamente de recursos suficientes para a prestación dos servizos de policía local:

- a) Poderán asociarse para a execución das funcións asignadas ás ditas policía local nesta Lei.
- b) Poderán colaborar para a execución das funcións asignadas ás ditas policía local nesta Lei.
- c) Poderán colaborar para a execución das funcións asignadas as ditas policía local nesta Lei e nos seus respectivos regulamentos.
- d) Poderán asociarse para a execución das funcións asignadas as ditas policía local nesta Lei e nos seus respectivos regulamentos.





36.- Segundo o artigo 53 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, as actuacións que practiquen os Corpos de Policía Local no exercicio das funcións previstas nos apartados c) e g) do punto 1 do devandito artigo:

- a) Deberán ser comunicadas ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado competentes.
- b) Deberán realizar un informe preceptivo e non vinculante que será remitido á Garda Civil de Tráfico.
- c) Deberán ser comunicadas ao cuartel da Garda Civil que corresponda ao seu territorio.
- d) Deberán ser comunicadas ás Forzas e Corpos de Seguridade da Comunidade Autónomas competentes.

37.- Segundo a Lei de Coordinación de Policías Locais:

- a) Os concellos que o desexen poderán asociarse para construír e equipar unha galería de tiro, a fin de facer un uso conxunto da mesma.
- b) Os concellos limítrofes que o desexen poderán asociarse para construír e equipar unha galería de tiro, a fin de facer un uso conxunto da mesma.
- c) Os concellos que pertencen á mesma mancomunidade, poderán asociarse para construír e equipar unha galería de tiro, a fin de facer un uso conxunto da mesma.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

38.- A Comisión de Coordinación das Policías Locais de Galicia:

- a) Reunirase preceptivamente, con carácter ordinario, tres veces ao ano, e de forma extraordinaria a pedimento dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia
- b) Reunirase preceptivamente, con carácter ordinario, unha vez ao ano, e de forma extraordinaria a pedimento dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia
- c) Reunirase preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e de forma extraordinaria a pedimento dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Secretaria.
- d) Reunirase preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e de forma extraordinaria a pedimento dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

39.- Para o ingreso no corpo de Policía:

- a) Para ser cubertas mediante concurso, reservarase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima na mesma de tres anos.
- b) Para ser cubertas mediante concurso, reservarase, como mínimo, un dez por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima na mesma de tres anos.
- c) Para ser cubertas mediante concurso, reservarase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima na mesma de dous anos.
- d) Para ser cubertas mediante concurso, reservarase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima na mesma de cinco anos.

40.- Cal é o tempo máximo polo que se outorgarán as autorizacións para exercer a venda ambulante, segundo a lei 13/2010 do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia?

- a) Un ano
- b) Dous anos
- c) Catro anos
- d) Cinco anos

41.- Segundo a orde do 16 de xuño de 2005, una verbena terminará:

- a) Ás 3.00 horas.
- b) Ás 4.00 horas si a noite vai de xoves a venres.
- c) Ás 3.30 horas en todos os casos.
- d) Ao 5.00 si a noite vai de sábado a domingo.

42.- As infraccións urbanísticas moi graves tipificadas no artigo 158.2, apartado a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia:

- a) Prescribirán ao quince anos a contar desde a finalización das obras ou da actividade.
- b) Prescribirán ao seis anos a contar desde a finalización das obras ou da actividade.
- c) Prescribirán aos dous anos a contar desde o inicio das obras ou da actividade.
- d) Prescribirán ao seis anos a contar desde o inicio das obras ou da actividade.





43.- Os suxeitos responsables de infraccións moi graves en materia urbanística, cando as accións que as motivaron non fosen legalizables, poderán ser sancionados, segundo os casos, ademais de con as multas previstas no presente título, coas seguintes sancións accesorias:

- a) Inhabilitación durante un prazo de ata tres anos da posibilidade de obter subvencións públicas ou crédito oficial e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais.
- b) Prohibición durante un prazo de ata tres anos para formalizar contratos coa Administración autonómica e coas administracións locais de Galicia.
- c) Publicación nun diario de maior difusión da provincia das sancións firmes e da identidade dos sancionados
- d) Todas as anteriores son correctas.

44.- As inspeccións en materia ambiental poden ser:

- a) Previas ao outorgamento dunha autorización.
- b) En virtude de denuncia.
- c) As que poidan acordarse de oficio durante o funcionamento dunha actividade.
- d) Todas as anteriores son correctas.

45.- As Ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais comezarán a aplicarse:

- a) Desde o momento da súa publicación inicial no Boletín Oficial da Provincia
- b) Desde o momento da súa publicación inicial no Diario Oficial de Galicia
- c) Desde o momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia
- d) Desde o momento da súa publicación definitiva no Diario Oficial de Galicia

46.- Contra os acordos das Corporacións Locais en relación coa aprobación e modificación de Ordenanzas fiscais, os interesados poderán interpoñer:

- a) Recurso de alzada
- b) Recurso de reposición
- c) Recurso de revisión
- d) Recurso contencioso-administrativo

47.- O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións:

- a) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado
- b) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello
- c) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais
- d) Todas as anteriores son correctas

48.- ¿Cales dos seguintes actos urbanísticos están suxeitos a licenza municipal?

- a) As parcelacións e segregacións
- b) As podas de masas arbóreas e de vexetación arbustiva
- c) Os actos de edificación e primeira ocupación dos edificios
- d) Todas as anteriores son correctas





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

49.- Segundo a Lei do Solo de Galicia, cal dos seguintes actos non está suxeito a comunicación previa:

- a) A instalación de invernadoiros
- b) Os cerramentos e valados dos predios
- c) As actividades extractivas de minerais ou líquidos
- d) Os grandes movementos de terras e explanacións

50.- A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria, exercerase a través de:

- a) Bandos
- b) Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección
- c) Regulamentos municipais
- d) Ningunha das anteriores é correcta

PREGUNTAS RESERVA

51.- Os Principios Básicos sobre o emprego da forza e das armas de fogo adoptados por Nacións Unidas adoptáronse no ano:

- a) 1.990
- b) 2.000
- c) 2.001
- d) 2.013

52.- Segundo o artigo 3 da Lei de Bases do Réxime Local, son Entidades locais territoriais:

- a) O Municipio, a Provincia e as Comunidades Autónomas
- b) O Municipio e a Provincia exclusivamente
- c) O Municipio, a Provincia e a Illa nos arquipélagos balear e canario
- d) O Municipio, a Provincia e o Estado

53.- O número, características e retribucións do personal eventual de cada Corporación Local, determinarase por:

- a) O Alcalde
- b) O Pleno
- c) A Xunta de Goberno Local
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

54.- Sinale cal das seguintes funcións non é competencia directa do Alcalde:

- a) Establecer directrices xerais da acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade
- b) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos
- c) A aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais
- d) Establecer a organización e estrutura da Administración municipal executiva





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

55.- Os Concellos de Municipios con poboación comprendida entre os 20.001 e os 50.000 habitantes, poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá ser superior a:

- a) Cinco
- b) Dous
- c) Sete
- d) Dez

